

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES ALFOZ-VALADOURO  
CURSO: 2021-22  
MATERIA: EPVA 1º, 3º e 4ºESO  
DEPARTAMENTO: DEBUXO  
DATA: 29/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>3º Avaliación</b>	<b>Cálculo da nota da 3º avaliación:</b> a nota da 3ª avaliación calcularase do mesmo xeito que se fixo nas dúas avaliacións anteriores e como se reflexa na programación didáctica
	<b>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:</b> ao igual que nas outras dúas avaliacións, o alumnado que non supere a 3ª avaliación, terá opción (proba independente da avaliación extraordinaria).
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</b> A cualificación final obterase calculando a media aritmética das tres avaliacións, sempre e cando a nota de cada avaliación sexa 5 ou superior.</p> <p>O alumnado que non teña algunha avaliación superada, deberá realizar unha proba extraordinaria. Os que teñan unha avaliación pendente, examinaranse soamente desa parte e os que teñan dúas ou máis avaliacións suspensas, examinaranse da materia de todo o curso.</p> <p>Esta proba realizarase tendo en conta os estándares de aprendizaxe que teñan un grao mínimo de consecución do 100%.</p> <p>Esta proba escrita puntuarase sobre 10 puntos e para ter superada esta avaliación extraordinaria, o alumno deberá ter un 5 no exame.</p> <p>Se a nota obtida na proba oscila entre 5 e 7 terá unha cualificación de 5. Se a nota está comprendida entre 7 e 9 o alumnado terá unha cualificación de 6. Se a nota acadada é maior a 9 o alumno obterá unha cualificación de 7.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	O alumno ca materia pendente xa a recuperou ao longo do curso

<b>2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</b>	
<b>Metodoloxía, actividades tipo, materiais e recursos</b>	<p>➤ O alumnado que aprobou as tres avaliacións realizará actividades de ampliación, que consistirán en actividades relacionados cos contidos vistos ao longo do curso e que fomenten a autonomía e pensamento crítico dos rapaces sobre temas de índole científica. Algúns exemplos son: documentais e vídeos con posterior reflexión, prácticas con</p>

diferentes técnicas, pequenos proxectos, etc.

➤ O alumnado que suspendera unha ou varias avaliacións realizará unha serie de actividades acordes ás súas necesidades específicas (“PLAN DE RECUPERACIÓN”), que consiste na realización de actividades de repaso e reforzo sobre os contidos propios do curso.